

- ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO MESTRE DE APOIO -

Paula González Álvarez 2019-2020

A función do mestre de apoio, ademais de participar e apoiar as diversas actividades e tarefas que se levan a cabo nas aulas de Educación Infantil, é facerse cargo de:

- Sesións de Psicomotricidade
- Taller de arte (plástica)
- Atención educativa.

➤ A Psicomotricidade na Educación Infantil.

A Psicomotricidade considera o ser humano como unha globalidade, e pretende que, por medio do seu corpo, do movemento e do xogo, a persoa se coñeza a si mesma e á súa contorna, e tamén se exprese dende o seu interior.

Nas sesións de Psicomotricidade os nenos mostran características determinadas segundo a súa idade e madurez. Pero non hai que esquecer darlle a cada neno o seu tempo para que chegue ao nivel evolutivo esperado, e acompañalo no seu proceso de experimentación e madureza.

Claro está, polo tanto, que as capacidades a desenvolver entre os nenos nas sesións, varían en función de se teñen 3, 4 ou 5 anos.

Nas clases de 3 e 4 anos, as sesións estaban máis enfocadas a traballar: o control corporal, o esquema corporal e a lateralidade, as emocións (sentimentos de individualidade e de pertenza ao grupo), as normas que rexen os xogos...etc.

Nas clases de 5 anos, ademais de afianzar aspectos anteriormente adquiridos, centrámonos xa, en xogos máis regrados, no desenvolvemento de habilidades e destrezas, etc....

**Unha “adaptación” do desenvolvemento destas sesións no terceiro trimestre, non ten cabida, dado que a observación directa e sistemática é o recurso que utilizo para avaliar o nivel de consecución dos obxectivos plantexados (e é obvio, que esta observación, non podería levarse a cabo). Ademais, tampouco poderían rexistrarse aspectos importantes que se dan nos xogos de gran grupo (respecta a quenda, respecta aos compañeiros, asume as regras do xogo....etc.)*

Poderían suxerirse a elaboración dalgún circuíto, ou o xogo en familia (que estou segura que moitos fixeron)...pero considero que, o feito de ter que adaptarse a unha redución do seu espazo de movemento durante todo este tempo, a unhas novas regras para a mellor convivencia nese espazo, a uns novos tempos estruturados de diferente modo ao habitual...etc etc., son aspectos moito máis relevantes, e que deben ser tidos en conta á hora de facerlle un seguimento ao alumnado, máis que unha reestruturación das sesións de Psicomotricidade propiamente ditas.

➤ Taller de arte.

A arte é unha linguaxe que fai que os pequenos se expresen a través de diferentes elementos, sendo a creatividade e a imaxinación as que teñan un papel máis importante en todo este proceso.

Para eles, é unha forma de vivir e ten moitísimos beneficios. Permíteos expresar o seu mundo interno, e estímúlaos a crear, aprender e innovar.

O plantexamento inicial do taller de arte era, nun primeiro momento, a experimentación cós diferentes materiais, para seguir coa aprendizaxe de distintas técnicas pictóricas, á vez que se faría un pequeno proxecto sobre artistas relevantes.

**A adaptación do taller de arte neste terceiro trimestre, quedou reducido a unha serie de tutoriais de creación propia sobre temas diversos (tanto propostos polo propio centro, como outros nos que se teñen en conta festividades ou datas sinaladas), e nos cales se anima aos nenos a participar dos mesmos.*

As creacións dos pequenos, quedan recollidas a través de videos ou fotos.

Non debemos esquecer que o arte de pintar, debuxar... debe ser algo que resulte gratificante e pracenteiro. Polo tanto, en ningún caso se obrigará aos nenos, a participar da realización dunha manualidade que, polo que sexa, non lles resulte chamativa. As actividades propostas, recordemos, son suxerencias.

➤ Atención educativa.

A través das sesión de Atención Educativa, traballamos a educación en valores e a educación emocional, porque é así como se forman persoas íntegras.

Os nenos precisan principios, que lles axuden a ser reflexivos de forma crítica, e a interpretar a información que lles chega do exterior.

A través de contos e do visionado de fragmentos de vídeos, cortos ou películas, abdicamos un tempinho para a reflexión, e establecemos unha serie de diálogos / pequenos debates, cós que traballamos diversos valores e emocións. Finalmente, plásmase en papel o tema tratado.

** A adaptación do traballo de Atención Educativa no terceiro trimestre, resúmese en unha recomendación ás familias, sobre posibles contos/ curtametraxes e demais, que poden ler, escoitar ou visionar, para posteriormente establecer un diálogo sobre o mesmo, e finalizar materializando dalgún xeito, os aspectos traballados e aprendidos (ben sexa a través do papel, dalgunha manualidade, ou dunha simple gravación dos pequenos ou vídeo chamada, onde poderán expresar a súa opinión, e os seu sentimentos fronte o tema que se estea a tratar)*

Persoalmente considero que a situación que se está a vivir, é óptima para traballar sentimentos (podendo facer un rexistro diario dos mesmos –contento, triste, nervioso, enfadado...-), e valores (necesidade de hixiene, respecto polos demais, valoración da importancia de todos os traballos –facendo fincapé naqueles que están velando pola nosa seguridade, benestar, e mantención-, etc etc.).